

## A fábrica de Ameixide na aldea de Pinténs (I)

A través de documentos do Arquivo Histórico de Pontevedra, o autor reconstrúe a historia desta industria

Anxo Coya\*

19-04-19 | Faro de Vigo-Morrazo

<https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2019/04/19/fabrica-ameixide-na-aldea-pintens-15715371.html>



Venta dun terreo en Pinténs en 1804.

*Aos que foron empregados da fábrica de Ameixide, entre eles miña nai e miña avoa*

Ollando o libro "Las Familias de la Conserva" de Xoan Carmona Badía, un atópase cunha célebre frase de Séneca que no seu "Diálogo, De brevitae vitae X, 2" manifesta: "A vida divídese en tres etapas: a que foi, a que é, a que será. Destas, a que estamos vivindo é breve; a que imos vivir, dubidosa; a que temos vivida, auténtica". E coido que ten razón. Falemos, entón, do pasado e da historia dunha fábrica de salgado. Aínda que non é sinxelo seguir a pegada dunha industria, mergullándonos entre os protocolos notariais do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e outros documentos tentaremos facelo, xa que son unha fonte importante para seguir a estela de fábricas e outras industrias que pasaban dunhas mans a outras a través de alugueres ou compras.

15160 JOHN JAIME LUCH TAPIAS  
 MARIANO  
 Cuyda de nou novembre de 1778 en las fonts baptisma  
 Real de S. Andreu de Llabaneras Bisbat de Barce. Fou bo  
 Pau Guin, y Sabilla Pich, naturals que per. Bar. et. C. Llabaneras  
 a Barce. Joan, Pau, Maria, nat dia 18 de dita, fill de  
 Andreu Tapias Boix, y Eva Tapias, y fill de dita  
 d'ells Joan, Tibor, Braces nat. 23 habitant en la Ci  
 y Maria Anna, filla de Pau de Llabaneras  
 Maria. Ha est Paulus Guin y Maria

No que atinxe ás fábricas de salgado que existiron nas costas da nosa comarca do Morrazo, dedicamos neste artigo un anaco da historia dunha gran industria que durante case dous séculos exerceu primeiro como fábrica de salgado, despois quedou abandonada e máis tarde funcionou como conserveira. Atópase na aldea de Pinténs (O Hío), na fermosa Ría de Aldán.

Porén é preciso navegar ata primeiros do s.XIX. No 1804 un adifeirado persoeiro do comercio de Vigo xa tiña construído o almacén de salgar sardiña denominado Meixide. Este home de procedencia catalana e de nome José Manuel Luch Tapias, edificou esta fábrica nun momento importante para a pesca da sardiña. fillo de Andrés e de Rosa, naturais de San Andreu de Llabaneras (Barcelona). José tiña irmán chamado Juan Jaime Luch, quen sería o antecesor e patriarca dun apelido que aínda se conserva na parroquia do Hío, hoxe transformado en LLuque ou Yuque. O 22 de febreiro de 1804, dentro da casa Reitoral do Hío redactouse a venta, efectuada por Martín de e outros veciños, dun terreo denominado Ameixide de Abaixo cos seus lindes correspondentes incluíndo un arroyo de auga, que este era un ben indispensable para laborar peixe.

O 3 de maio de 1805 varios veciños do notifican que antes desa data arrendaron a don Luch o seguinte: "...un retazo de terreno pedregoso con algún toxo de muy poco producto que hará una sembradura de un ferrado poco mas o menos que es derecho qe en donde se llama Meixide de Loureiro en la



Era  
 outro  
 Otero  
 xa  
 o  
 Hío,  
 José  
 hacen  
 Aldea


de Pinténs término de dha fra. del Hío contiguo al Almacén que allí construío dho Lluque para fábrica de sardina...". Foi un arrendamento por espazo de tres anos para que este industrial poidese extraer a pedra para edificar *in situ* a fábrica como nos indica outro documento: "...cortar y aprovecharse de quanta piedra necesitase para sus obras, y estando corrido un año...".

Unha vez transcorrido o primeiro deses tres anos de arrendamento, varios veciños do Hío acordan poñer en pública poxa e así vender este terreo. Os distintos predios foron poxados por Félix Faus, apoderado de José Lluch, pola cantidade de 2.500 reais. No período transcorrido entre 1805 e 1810 a compra de numerosos terreos á cargo de Juan Jaime Lluch Tapias no nome do seu irmán José acontece dun xeito acentuado, incrementando así o terreo que pertencía á dita fábrica de Pinténs.



Juan Jaime Mariano, así aparece na partida bautismal, naceu o 18 de novembro de 1778 en San Andreu de Llanerías e será o encargado de administrar todo o relacionado co edificio de Pinténs, chegando a asentarse dun modo definitivo e casar no Hío o 12 de febreiro de 1814 con María Benita Martínez Lemos, veciña do Igrexario. Sabemos que chega a ter débedas e dilixencias con don Antonio Iglesias y Boan, cura do Hío. Despois dun acordo asinado co seu irmán José, Jaime fai reclamación dunha cantidade de diñeiro importante, 12.000 reais, polos traballos e outros menesteres desenvolvidos no almacén. Interpón demanda contra José Lluch e José Eugenio Táboas, ámbolos dous grandes comerciantes na cidade de Vigo. Deducimos que nos litixios, a sentenza non foi favorable para Jaime, pois este chega a estar preso no 1829 no Castelo de San Sebastián, tamén coñecido como do Castro en Vigo. Así se relata nun documento: "En la Ciudad de Vigo y Castillo del Castro a trece de Octubre del año de mil ochocientos veinte y nueve: yo Essno. teniendo en mi presencia a Jaime Lluque, preso en dho Castillo del Castro ..." Isto debeu sumir a fábrica de Ameixide nunha situación de abandono total.

Sabemos que en 1860 esta fábrica atopábase nun estado moi ruinoso. Pertencía por aquel entón a dona Rosalía de Quirós y Lluque, veciña de Vigo, quen o 16 de xullo deste ano vende este edificio e demais terreos adxacentes a don Francisco Gelpi, veciño de San Martiño de Bueu e coñecido fomentador do salgado, de quen tivo unha gran participación comercial no Hío e noutras parroquias. A compra foi efectuada nun prezo de 20.000 reais.



\*Veciño do Hío